



Cerdedo
Cotobade

Sr Alcalde:

O abaixo firmante, **Ernesto Filgueira Touriño**, portavoz do BNG no Concello de Cerdedo-Cotobade presenta a seguinte Moción referida á “**MELLORA DO TRAZADO, SEGURANZA VIARIA E CALMADO DO TRÁFICO NA EP-0407, BORELA**”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O grupo do BNG de Cerdedo-Cotobade considera prioritario levar a cabo un mellora no trazado a **estrada EP-0407** ao seu paso pola parroquia de Borela dende a **PO-233** ata o **entronque co camiño que chega ao lugar da Graña**. No BNG entendemos que esta estrada require dunha actuación a fin de **mellorar o trazado, reducir curvas, calmar o tráfico e dotala de maior seguranza tanto para a veciñanza coma para os ciclistas**.

Trátase dunha estrada relevante para a mobilidade local así como tamén para a vertebración provincial. Isto conleva o **paso habitual de usuarios** que se **desplazan a altas velocidades** -creando un problema de seguranza nesta vía e especialmente no tramo do vial EP-0407 -dende a intersección anterior á Casa Cultural Nélida Piñón ata o **entronque co camiño que une coa Graña**- incitados polas propias características do trazado: unha longa **recta** á que, ademáis, cabe presumirle os **cambios de rasante sen arcéns e sen beirarrúas**. Estas características causan situacións de perigosidade tanto a peóns coma ciclistas nos seus desprazamentos cotidianos máis este problema de seguranza viaria vese agravado pola **proximidade á vía do Centro Cultural Nélida Piñón e un parque infantil** ubicados a carón desta estrada provincial.

Por todo o exposto, o **Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade** acorda **aprobar a seguinte Moción**:

1. Instar á Deputación Provincial de Pontevedra, titular do vial EP-0407, a levar a cabo accións de mellora de trazado, calmado de tráfico e a creación dun vial peonil/ciclista paralelo á plataforma rodada dende a **PO-233** ata o **entronque co camiño que chega ao lugar da Graña** para garantir a seguranza viaria da veciñanza de Borela, dos usuarios e ciclistas e reducir a velocidade do tráfico rodado no total da estrada e especialmente na zona dos equipamentos públicos.

Ernesto Filgueira Touriño
35283664P
A 12 de novembro de 2019